

REUNIÓN

DIRECCIÓN-Repr. SINDICAL (19/08/09)

No día hoxe celebrouse unha reunión para tratar os seguintes temas:

Inicio da Actividade.- Informan que a actividade iniciouse sen incidencias. En canto ós traballos realizados neste período vacacional salientaron o accidente dun traballador que sufriu queimaduras nas mans por unha descarga eléctrica.

Neste apartado a **C.I.G.**, fai dúas apreciacións:

Reformas en Masillas.- Constatado que as obras previstas realizar neste taller, co fin de paliar as altas temperaturas con que chegan as carrozarías ós postos de traballo, non se finalizaron, a **C.I.G.** pregunta se entre as causas, que determinou o seu aprazamento de finalización, foi un recorte do presuposto destinado en principio. A Dirección argumenta que os motivos son de tipo técnico.

Un retraso máis, que ó noso entender, non se daría se a reforma afectase a produción. En todo caso, a **C.I.G.** seguirá sobre o tema, co fin de lograr que as condicións de traballo se melloren neste taller.

Áreas de descanso.- Con respecto á reubicación das máquinas de bebidas, observamos, cando menos, que o espazo compartido coas persoas que veñen facendo uso destas salas exteriores, nas paradas das liñas, vese saturado.

Por outra banda, e a tenor de que alguén no día de onte intentaba impoñernos o lugar para tomar o bocadillo, reiterar que os 15 minutos que temos, é un tempo libre que nos corresponde administrar ós traballadores/as. En consecuencia, e respectando as instalacións, ninguén pode obrigarnos a onde ou con quen debemos compartilo.

Produción.- A Dirección ratifica a produción prevista realizar nos sábados voluntarios agosto-setembro.

Finalmente a **C.I.G.**, con respecto a Pandemia da gripe A, e atendendo as recomendacións e guías que diferentes organismos están a realizar para as empresas, preguntou se está previsto algún Protocolo específico de actuación para o noso Centro. A Dirección resposta que están sobre iso, e que na vindeira semana esperan poder compartilo co Comité.

Confederación Intersindical Galega